

DIDÁCTICOS AUDIOVISUAIS  
18 - 19




C  
Compostela  
Cultura  
Didáctica



# UNIDADE DIDÁCTICA SON, MÚSICA E ACCIÓN!

Luns 17 de decembro, 10 e 12 h. Sala Mozart (Auditorio de Galicia)  
Alumnado de 1º e 2º cursos de Ed. Primaria.



## INFORMACIÓN XERAL SOBRE OS DIDÁCTICOS AUDIOVISUAIS 2018-2019

---

A sesión *SON, MÚSICA E ACCIÓN!*, dirixida a alumnado de 1º e 2º cursos de Ed. Primaria e á que corresponde esta unidade didáctica, é a 1ª das actividades das sesións de DIDÁCTICOS AUDIOVISUAIS que por 3º curso consecutivo se inclúen no programa didáctico para centros de ensino que promove a Concellaría de Acción Cultural do Concello de Santiago, a través do Auditorio de Galicia.



Que tipo de contidos veremos neste programa de didácticos audiovisuais?

Os contidos deste proxecto son de dous tipos:

Por unha banda temos as sesións de cine, é dicir, as actividades de exhibición audiovisual nas que os centros de ensino se desprazan á sala Mozart do Auditorio de Galicia.

Estas sesións terán entre 60 e 70 minutos de duración e constan da seguinte estrutura:

- Presentación dos contidos.

- Exhibición dos contidos.

- Actividades sobre as pezas exhibidas como continuación das actividades previas incluídas nas accións de mediación.

Desta volta, a sesión *SON, MÚSICA E ACCIÓN!* terá lugar o luns 17 de decembro.

Por outra banda están as accións de mediación como acompañamento das sesións, nas que se inclúen as unidades didácticas asociadas aos contidos, así como as actividades previas nos centros de ensino. Estas actividades suporán un achegamento ao contido que días despois os nenos/as ou adolescentes visionarán na sesión correspondente. Terán entre 40 e 50 minutos de duración (unha clase de primaria, secundaria ou bacharelato) na que se tratarán contidos:

- temáticos (que é o que imos ver? que conta a historia?)

- de contextualización (cando se rodou esta historia? como? de onde veñen os personaxes? como se relaciona coa nosa realidade?)

- técnicos (como se fixo esta peza? que recursos técnicos se utilizaron? música, montaxe, tipos de planos...)

Estas actividades desenvólvense na idea de que, ademais de servir para o traballo previo sobre a sesión específica que eses alumnos/as van ver, estas accións son tamén de achegamento global ao audiovisual como fonte de reflexión, de coñecemento e de xogo.



## Cales son os obxectivos do programa?

Os obxectivos desta 3ª edición das sesións de didácticos audiovisuais, que poñemos en marcha dentro do programa didáctico xeral, son:

- ▶ Achegar contidos audiovisuais ao público escolar dende o punto de vista didáctico.
- ▶ Poñer a disposición dos/das escolares e docentes pezas/producións fóra da dinámica *mainstream* de fácil consumo.
- ▶ Crear hábito e disposición para o consumo de audiovisual doutras latitudes, culturas e ámbitos.
- ▶ Establecer pontes entre o audiovisual e outras manifestacións artísticas, como a música e a danza.
- ▶ Establecer sinerxias e colaboracións con outros colectivos e iniciativas culturais da cidade, a nivel de contidos e implementación das accións propostas.
- ▶ Incidir na vertente sociocultural do programa, prestando especial atención ao traballo na atención á diversidade, á igualdade entre homes e mulleres ou á non discriminación na escolla dos contidos e implementación do programa.

## INFORMACIÓN SOBRE A 1ª SESIÓN: SON, MÚSICA E ACCIÓN!



Que nos imos atopar nesta 1ª sesión *SON, MÚSICA E ACCIÓN!*?

*SON, MÚSICA E ACCIÓN!* é unha nova proposta artellada polo trío musical Caspervek Trío, que xa participou nas dúas edicións pasadas dos didácticos audiovisuais.

A primeira sesión audiovisual neste curso será un cine-concerto didáctico e participativo, cunha carga a partes iguais da música e a montaxe audiovisual, e a posibilidade de interacción constante do alumnado presente na sala.



A través de escenas de longametraxes de animación coñecidas polo alumnado, misturadas con outros contidos máis relacionados co cine clásico e silente, o concerto fará un percorrido pola relación e nexo narrativo e emocional entre o son, a música e a imaxe, o concepto de “banda sonora” e a función da música en dous eixos principais: como localizadora espazo-temporal e como enfatizadora da acción na pantalla.

Desta maneira, *SON, MÚSICA E ACCIÓN!* continúa a liña pedagóxica nas sesións de didácticos audiovisuais baseada na natureza dos contidos audiovisuais como mistura a nivel técnico e narrativo de imaxe e o son, e na interrelación entre estes dous elementos en todo o que ten que ver coa percepción que temos nós como espectadores/as.

Como unha música pode axudarnos a identificar a ubicación xeográfica dunha película? Ten o mesmo sentido unha escena (mesmo elemento visual) acompañada dunha ou outra música? Cal era a función dos elementos sonoros na época do cine silente, e cal é hoxe en día?

As respostas a estas preguntas e a moitas outras atoparémolas nesta sesión.



Que contidos específicos veremos en *SON, MÚSICA E ACCIÓN!?*

Esta 1ª sesión da proposta neste curso 2018-2019 será variada en contidos audiovisuais, pois queremos misturar pezas do cine silente non coñecidas polo alumnado con outras de animación recentes das que de seguro terán referencia. Todo isto apoiado pola música en directo de *Caspervek Trío*: violín, piano e percusión.

A continuación desglosamos algúns dos contidos audiovisuais desta sesión:

Título: OS KIRIKI, ACRÓBATAS XAPONESES (*Les Kiriki*)

País: Francia.

Ano: 1907.


Duración: 02:49 min.

Dirección: Segundo de Chomón.

Sinopse: Unha familia de acróbatas orientais exhibe as súas dotes artísticas fronte á cámara, con xogos de contorsionismo, equilibrio e acrobacias.

Esta peza é unha curtametraxe de 3 minutos que demostra o grande enxeño de De Chomón, convertendo o chan en pano de fondo e o horizontal en vertical.

Destaca tamén o traballo dos intérpretes, tamén os nenos, pola súa grande veracidade á hora de traballar sobre unha idea ao mesmo tempo naïf e xenial.



Título: O REI LEÓN (*The Lion King*)

País: Estados Unidos (EUA)

Ano: 1994.

Duración: 85 min.

Dirección: Rob Minkoff e Roger Allers.

Sinopse: A sabana africana é o escenario no que teñen lugar as aventuras de Simba, un pequeno león que é o herdeiro ao trono. Sen embargo, ao ser inxustamente acusado polo



malvado Scar da morte do seu pai, vese na obriga de marchar ao exilio. Durante o seu desterro fará boas amizades e tentará volver para recuperar o que lexitimamente lle corresponde.

Título: CHARLOT BOXEADOR (*The Champion*)

País: Estados Unidos (EUA)

Ano: 1915.

Duración: 33 min.

Dirección: Charles Chaplin.

Sinopse: Paseando co seu can, Charlot descobre nun cartaz a oportunidade de tomar parte nun campeonato de boxeo. Chaplin mostra neste filme un vagabundo máis simpático que o doutras películas da época. A pobreza do vagabundo está tratada con maior extensión que en películas previas, o que dá máis forza ao personaxe e á historia. Ao atopar unha ferradura da sorte fóra dun ximnasio decide a Charlot a probar sorte nun desafío, que o levará a medirse co campión Bob.



Título: MINIONS, A PELÍCULA.


País: Estados Unidos (EUA)

Ano: 2015.

Duración: 91 min.

Dirección: Kyle Balda e Pierre Coffin.

Sinopse: A historia d'Os Minions remóntase ao comezo dos tempos. Comezaron sendo organismos unicelulares, evolucionando co paso do tempo e servindo sempre aos amos máis desprezables, dende o Tiranosauro Rex a Napoleón, pero ante a súa incapacidade para servir correctamente agora atópanse sós e caen nunha profunda depresión. Máis un deles,



chamado Kevin, ten un plan e acompañado de Stuart e Bob emprende unha viaxe para conseguir á xefa que queren servir: a terrible Scarlet Overkill.

Título: OSWALD VAI Á CHINA (*Oswald goes to China*)

País: Estados Unidos (EUA)

Ano: 1931.

Duración: 10:00 min.

Dirección: Walter Lantz.

Sinopse: OSWALD VAI Á CHINA é unha das case 200 curtametraxes que o personaxe de Oswald The Lucky Rabbit (Oswald O Coello con Sorte) protagonizou entre 1927 e 1933. Nesta peza o noso protagonista viaxará a unha das culturas máis exóticas do planeta naquela época, na que ademais todo o oriental estaba especialmente de moda. A inauguración dun tren único entre China e o Tíbet, o Qinghai Express, serve de inspiración e referencia para esta peza trepidante e chea de humor.



Como será a organización da sesión *SON, MÚSICA E ACCIÓN!?*

A estrutura da actividade do luns 17 de decembro será como segue:

## SON, MÚSICA E ACCIÓN!



### INTRODUCCIÓN (5 min. aprox.)

Diálogo inicial co alumnado cunha 1ª batería de preguntas básicas sobre bandas sonoras e música de cine: vinculación imaxe-son e o seu papel na percepción como espectadores/as.

### BLOQUE 1: O CINE E A MÚSICA (15 min. aprox.)

No 2º bloque imos explicar algunhas funcións que cumpre a música no cine. Centrarémonos na súa función como localizador espazo-temporal e na súa capacidade enfatizadora da acción.

Para iso, acompañado de música en directo, visionaremos un vídeo duns dous minutos con exemplos musicais, tanto sincrónicos como asincrónicos.

Seguidamente propoñeremos a 1ª actividade: visualizar un anaco de 20 segundos de *O Rei León* interpretando dúas melodías: unha de carácter africano e outra de estilo oriental. Os nenos/as deberán tratar de acertar que música casa co visto en pantalla. Esta mesma dinámica levarémola a cabo coa curtametraxe *Os kiriki, acróbatas xaponeses*.

### BLOQUE 2: FACENDO UNHA BANDA SONORA (15 min. aprox.)

Neste 2º bloque sacaremos ao escenario distintos instrumentos de percusión convidando aos nenos e nenas a participar dunha actividade. Cada alumno/a quedará encargado de imitar co seu instrumento unha acción concreta que suceda na secuencia. A actividade repetirase unha segunda vez con outro grupo de nenos/as. As pezas que se utilizarán pertencen a *Charlot boxeador* e *Minions. A película*.

Despois desta actividade toda a sala tomará parte dunha dinámica similar na que terán que imitar con efectos vocais e de percusión as accións de distintas secuencias que aparecerán na pantalla, comprobando como os efectos de son inciden na nosa percepción das accións que ocorren no audiovisual.



BLOQUE 3: INTERACTUANDO COA  
MÚSICA (15 min. aprox.)

Despois de comprobar de primeira man as dificultades de coordinar imaxe e son na actividade anterior, pediremos aos alumnos/as que se poñan na pel dos/das personaxes, tentando que entendan como a música pode alterar a nosa toma de decisións como personaxes, e así mesmo como as nosas decisións/ accións poden facer que a música, como elemento orgánico, mute segundo executamos unha ou outra acción.

Para isto, utilizando diferentes elementos de atrezzo e un fondo na pantalla, imos recrear unha película, instando aos "actores e actrices" a escenificar unha escena mentres o *Caspervek Trío* interpreta unha música que irá mudando en función do que eles/as vaian escenificando no escenario.

A actividade repetirase con distintos nenos/as entre 2 e 3 veces.

DESPEDIDA (10 min. aprox.)

Para rematar falaremos do cine silente (tamén chamado cine mudo) e da especial relación que tiña este coa música nas proxeccións cinematográficas dos anos 10 e 20, moi importante pero diferente ao que acontece hoxe en día.

Para ilustralo visionaremos a curtametraxe de animación de 1931 *Oswald vai á China*, coa que despediremos o concerto.

## PROPOSTA DE MEDIACIÓN: ACTIVIDADES DIDÁCTICAS NOS CENTROS DE ENSINO.



### TALLER ANTES DA SESIÓN.

Levaráanse a cabo nos centros de ensino correspondentes impartidas pola mediadora, previa organización do calendario de accións cos/coas docentes.

Duración: 50 minutos.

## CONTIDOS DO TALLER DE PRESENTACIÓN.

### ACTIVIDADE 1. SON, MÚSICA E ACCIÓN!: PRESENTACIÓN DOS CONTIDOS DA SESIÓN. (15 minutos aprox.)

Nesta primeira parte do taller faremos unha presentación dos contidos que imos ver:

- ◆ Presentación e fichas técnica e artística das pezas que veremos na sesión.
- ◆ Proxección do comezo dalgunhas das pezas que conforman a sesión. Explicación da selección de contidos.
- ◆ Análise de temáticas que aparecerán nas distintas pezas, para despois analízalas todos/as xuntos/as no cinefórum posterior.

### ACTIVIDADE 2. INTRODUCINDO A CASPERVEK TRÍO (15 minutos aprox.)

Presentaremos a *Caspervek Trío*, o seu traballo e os seus compoñentes, e analizaremos uns dos seus traballos: a versión musicada da curtametraxe *A rá de Segundo* de Chomón, centrándonos en:



- . Aspectos temáticos: Que conta a historia?
- . Contextualización: Como está rodada a curtametraxe? Notas algo especial?
- . Técnicos: Que diferenza atopas cos debuxos animados de hoxe en día?

Este é o enlace á curtametraxe versionada por Caspervek:


<https://www.youtube.com/watch?v=vwBBO13LTbs>

E nesta web temos máis información deste grupo musical que protagonizará a sesión:

<http://caspervek.com/index.php>

### ACTIVIDADE 3. LABORATORIO DE CINEASTAS DO FUTURO (20 minutos aprox.)

Esta última parte dos talleres de mediación previos a cada sesión nos centros de ensino será común e transversal ás 5 citas de didácticos audiovisuais. Nela, ademais de tratar especificamente os contidos e temáticas da sesión correspondente, queremos dar ao alumnado unha pinceladas básicas sobre cuestións técnicas de linguaxe audiovisual e análise cinematográfica, adaptadas sempre ás idades dos/das participantes e dende un punto de vista dinámico e participativo (esta actividade será sempre un exercicio para facer en común)



Traballaremos arredor das seguintes cuestións:

- ◆ Linguaxe audiovisual: tipos de planos e posicionamento da cámara como elemento narrativo.
- ◆ O *storyboard* ou guión visual: como trasladar as historias a imaxes.
- ◆ Técnicas de interpretación e a súa evolución a través da historia do audiovisual: do *slapstick* ao *Dogma 95*.
- ◆ Xéneros cinematográficos: como contamos as historias? Da comedia ao cine negro.



## ACTIVIDADES ARREDOR DA SESIÓN SON, MÚSICA E ACCIÓN!


Esta batería de actividades propónse para ser levada a cabo, de forma optativa, na aula polos/polas docentes, tras asistir á sesión *SON, MÚSICA E ACCIÓN!*

### ACTIVIDADE 1. CREANDO O NOSO CHARLOT.


Charlot é o nome co que coñecemos a un dos personaxes que coñecemos na sesión, e que forma parte do legado que nos deixou o cineasta Charles Chaplin. Pensemos e creemos na aula o noso Charlot.



Paso 1. Pintamos a nosa versión de CHARLOT (VER PLANTILLAS ao final deste documento)



**Charlot**



Paso 2. Só precisamos cartulina negra, tesoiras, gomas e 3 elementos para ser CHARLOT. Elaboremos entre todos/as:

BIGOTE

SOMBREIRO

GRAVATA

Paso 3. Charlot en acción. Visionemos a seguinte canción:

[https://www.youtube.com/watch?v=0daS\\_SDCT\\_U](https://www.youtube.com/watch?v=0daS_SDCT_U)

Paso 4. Charlot a través do XESTO, o MOVEMENTO e a MÚSICA.

Despois de ver o vídeo incidiremos en 3 aspectos fundamentais na construción do personaxe: o seus xestos (como sorrí, como move os ollos), os seus movementos corporais (os seus brazos, as súas pernas) e como a música axuda a construír a acción. Identificaremos 2 ítems de cada unha destas categorías e a partir desta “deconstrución” construiremos cada neno/a o noso Charlot, apoiados na música da escena, que repetiremos todas as veces que o/a docente considere.


## ACTIVIDADE 2. O CINE É IMAXE E SON.

Esta actividade é unha dinámica en grupo para toda a aula. Trátase de aprender a “descompoñer” os dous elementos principais do cine e outros contidos audiovisuais: a IMAXE e o SON. Para comezar visionaremos as seguintes 3 pezas:

- Unha escena do filme de animación *POCAHONTAS*: <https://www.youtube.com/watch?v=uTljtZGTSmk>

- A curtametraxe de animación *FORWARD, MARCH!*: <https://www.youtube.com/watch?v=LwqNveqVIYQ>

- A cabeceira do programa infantil *OS BOLECHAS*: <https://www.youtube.com/watch?v=6ZgggCUj4t8>



Despois levaremos a cabo 4 dinámicas:

1.- Xogaremos a que ANIMAIS podemos identificar no primeiro vídeo e cantos podemos IMITAR para ser nós os protagonistas sonoros de POCAHONTAS.



2.- Identificaremos cantos son os personaxes de FORWARD MARCH e que SONS e RUÍDOS fan en cada acción. Despois nós poñeremos voz e son á peza.



3.- Visionaremos a canción de OS BOLECHAS sen son, e probaremos a cantala, a ver cantos nenos e nenas a saben. Identificaremos cal é o noso personaxe preferido e por que, e imitaremos como fala.

4.- Veremos (e escoitaremos) como cada un dos contidos funciona cunha música diferente á súa propia.

### ACTIVIDADE 3. CREANDO MÚSICA NÓS MESMOS.

En grupos de 6-7 alumnos e alumnas faremos xogos de percusión corporal e experimentación coa nosa voz, creando efectos musicais e sonoros. É o chamado traballo de CORO (polo concepto de coro grego como actuación grupal)

Nesta dinámica hai dous aspectos fundamentais a traballar:

**A ESCOITA.** Estar atentos/as a o que fan o resto de compañeiros/as xa que isto é un traballo en grupo. O son debe estar coordinado e ser unitario en todo o coro.

**O USO DO CORPO E A VOZ COMO INSTRUMENTO.** Nesta sesión estamos aprendendo como a música e os elementos sonoros son elementos para a comunicación e para expresar emocións, neste xogo centrarémonos en conseguir efectos sonoros tanto co noso corpo como coa nosa voz.

Como conseguiremos intepretar...?

O BARCO NA TORMENTA.

ESTRELAS DO ROCK.

CARREIRA DE MOTOS.

CABALOS AO GALOPE.

UN BEBÉ QUE CHORA MOITO.

UNHA NENA Á QUE LLE DOE A BARRIGA.



### ACTIVIDADE 4. POÑEMOSLLES ÁS PELIS MÚSICA E SON.

**Xa vimos que** podemos facer que as películas se transformen segundo nós queremos. E nós mesmos podemos facernos protagonistas a través do son das escenas, pois o audiovisual é a mistura da IMAXE e o SON.

Visionemos estas 2 escenas SEN SON:

O CÍRCULO DA VIDA, O REY LEÓN: <https://www.youtube.com/watch?v=GibiNy4d4gc>

CARREIRA DE CUÁDRIGAS, BEN HUR: <https://www.youtube.com/watch?v=frE9rXnaHpE>

Fagamos un xogo de efectos sonoros. Que vida lle podemos dar a estes personaxes na pantalla?

Pensa nos animais da primeira escena. Cantos podes identificar e cales son os seus sonidos? Poderíamos nós mesmos construír o son?

E na segunda escena? Cales poden ser os sons que aparezan? Que estarán dicindo os personaxes? Podemos dar vida a estas imaxes coas nosas voces?



#### ACTIVIDADE 5. ACRÓBATAS DE MIL CORES.

Na sesión *SON, MÚSICA E ACCIÓN!* coñecemos a curtametraxe de Segundo de Chomón *Les Kiriki. Acróbatas xaponeses*. Volvamos vela:

<https://www.youtube.com/watch?v=xJTq9a5BAmQ>

E agora, falemos e debatamos!

1. Como van vestidos estes artistas? Por que?
2. Viches algunha vez un espectáculo parecido? Onde?
3. Estes “debuxos animados” son como os que vemos na tele? Si ou non? Por que?
4. Por que cres que non falan?






XOQUEMOS NOVAMENTE COA IMAXE E O SON.


Quitémoslle o volume á curtametraxe e elixamos a nosa personaxe. Podemos inventar as palabras dos acróbatas?

Outros compañeiros e compañeiras poden interpretar os efectos de son: o esforzo dos acróbatas, os pasos sobre o chan, as palmadas, o ruído dos traxes ao moverse...

PLANTILLAS PARA PINTAR A CHARLOT.

---





## CONTACTO:

Diego V. Meizoso

Telf.: 646361471

Rebeca Mariño

Telf.: 650541978

Correo-e: [didacticosaudiovisuais@gmail.com](mailto:didacticosaudiovisuais@gmail.com)

